



ANA BELÉN FERNÁNDEZ DOPAZO, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE PONTEVEDRA, CERTIFICA:

1º Que no Rexistro Provincial de Montes Veciñais en Man Común obra a presente resolución que literalmente transcrita DI:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
 (Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

Dna. Mª. Jesús Novoa Suárez
 (Letrada do Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra)

D. Jesús de la Fuente Villar
 (Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)

D. Víctor Abelleira Argibay
 (Representante colexio de avogados da provincia)

VOCAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE BUSTO, BALBOA E VILAR, CONCELLO DE MEIS

D. Gonzalo Otero Villanueva

D. Martínez Vilas Antonino

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do día 27/02/09, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Foxo Naval- Cal de Marroque", solicitado polos veciños da CMVMC de Busto, Balboa e Vilar, da parroquia de Armenteira, concello de Meis.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 16/01/06, D. Antonio Martínez Vilas, na súa condición de presidente da CMVMC de Busto, Balboa e Vilar, do concello de Meis, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte "Foxo Naval - Cal de Marroque" como veciñal en man común para os veciños da CMVMC de Busto, Balboa e Vilar, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- Logo da subsanación de determinadas eivas e fallos, advertidos pola Administración, o Xurado de Montes en sesión celebrada en data 01/08/06, acordou a incoación de expediente de clasificación do devandito monte e a súa remisión ao Servizo de Montes e Industrias

REGISTRO DE LA PROPIEDAD DE CAMBADOS
 Entrada: 3.652/2011 hora 11:00

Fecha 23/06/2011 Caduca: 10/09/2011

Asientos: 63 Diarios: 98

Objeto: INSCRIPCIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Retirado Devuelto





TERCEIRO.- O rexistrador da Propiedade de Cambados, certifica con data 30/08/07 que o devandito monte non se atopa inscrito a nome de persoa algunha

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do servizo de M.I.F. o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descripción:

CONCELLO: MEIS

PARROQUIA: ARMENTEIRA

LUGARES: BUSTO, BALBOA E VILAR

NOME DO MONTE: "Foxo Naval - Cal de Marroque"

Cabida: 42,47 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Monte xa clasificado da CMVMC de Armenteira

Sur: Concello de Poio

Leste: Concello de Poio

Oeste: Rego dos Muíños e predios particulares de Benedicta Fontán Graña, Daniel Busto Graña, Dora Fontán Graña, Evaristo Fontán Graña, Delia Fontán Graña, Juan Ramón Rodiño Portas, Adonis Pérez Torres e Hnos., Erundina Fontán Villanueva, Manuel Graña Gómez, Rosalía González Gómez, Camilo Graña Gómez, Eliseo Serén Fontán, Delia Graña Leiro, Adelaida Villanueva González, Camilo Villanueva Millán, Ramón Graña Villanueva, Juan Graña Gómez, Juan José Millán Fontán, Peregrina Romay Pesada, Camilo Vázquez Villanueva, Emilia Graña e Manuel Balboa Gómez

REGISTRO DE LA PROPIEDAD DE CAMBADOS	
Tomo	1260
Libro	73
de	MEIS
Folio	223
Finca	8.032
Insc.	12

QUINTO.- Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto periodo de audiencia, presentaron alegacións Julio Rodiño Graña, Dora Torres Busto, José Torres Busto, Daniel Rodiño Graña, Manuel Salgueiro López, Héctor López Lorenzo (en representación de Aladino e Marcial Meis Lores, Olegario Castro Vidal, Rosa Mª Graña Serén), Celso Pérez Gómez, Eugenia Graña Leiro, Josefina Graña Leiro, Belén Raposo Pérez (en representación de José Radio Lafuente), herdeiros de Alfredo Pérez Gómez, Ramón Leiro Millán, Julia Gómez Graña e o propio solicitante e que se dan por reproducidas e obrantes no expediente administrativo

SEXTO.- Con data 30/06/08, D. Antonio Martínez Vilas, en representación da CMVMC de Busto, Balboa e Vilar, presenta escrito no que solicita que o Xurado teña por estimada a súa petición formulada en data 16/01/06, por silencio administrativo, ao transcurrir o prazo de 1 ano, que o Xurado de Montes ten para resolver o expediente de clasificación

2802



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- O artigo 11.3 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común sinala que "... un expediente de clasificación, a tramitación do cal no poderá exceder de un ano a partir do seu comenzo..." e o artigo 25 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, sinala que "... cuxa tramitación non poderá exceder de un ano."

Terceiro.- A Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da comunidade autónoma de Galiza á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común non establece no seu anexo II, dentro da relación de procedementos nos que o silencio administrativo produce efectos desestimatorios, o proceso de clasificación dos montes veciñais en man común

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse pola Instrutora e de maneira unánime o Xurado ACORDA:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Foxo Naval - Cal de Marroque", a prol da CMVMC de Busto, Balboa e Vilar, do concello de Meis, ao producirse o silencio administrativo positivo, por transcurrir o prazo legalmente establecido de 1 ano para a resolución do presente expediente, de acordo cos lindes e cábida reflectidos no antecedente de feito cuarto, e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación recurso de reposición de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

2.º Que o devandito acordo de clasificación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 81, do 28 de abril de 2009.

3.º Que en tempo e forma formularonse varios recursos de reposición contra a citada resolución e en data do 22/02/10 o Xurado de Montes acorda a desestimación dos



mesmos e a confirmación en tódolos seus termos da resolución impugnada. En data do 5 de abril de 2010 foi publicado no DOG (nº 62) a resolución dos recursos de reposición .

Dita resolución deveu firme en vía administrativa.

4º Que en data do 02 de novembro de 2010 o Presidente do Xurado de Montes, de conformidade co artigo 29 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, acordou a inscrición do monte "Foxo Naval Cal de Marroque", a prol dos veciños da CMVMC de Busto, Balboa e Vilar, da parroquia de Armenteira, concello de Meis, na Sección do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común desta Delegación Territorial, coa cabida e lindes seguintes:

CONCELLO: MEIS

PARROQUIA: ARMENTEIRALUGARES: BUSTO, BALBOA E VILAR

NOME DO MONTE: "Foxo Naval - Cal de Marroque"

Cabida: 42,47 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Monte xa clasificado da CMVMC de Armenteira

Sur: Concello de Poio

Leste: Concello de Poio


Oeste: Rego dos Muiños e predios particulares de Benedicta Fontán Graña, Daniel Busto Graña, Dora Fontán Graña, Evaristo Fontán Graña, Delia Fontán Graña, Juan Ramón Rodiño Portas, Adonis Pérez Torres e Hnos., Erundina Fontán Villanueva, Manuel Graña Gómez, Rosalía González Gómez, Camilo Graña Gómez, Eliseo Serén Fontán, Delia Graña Leiro, Adelaida Villanueva González, Camilo Villanueva Millán, Ramón Graña Villanueva, Juan Graña Gómez, Juan José Millán Fontán, Peregrina Romay Pesada, Camilo Vázquez Villanueva, Emilia Graña e Manuel Balboa Gómez


E para que conste, para a súa remisión á parte interesada, expido o presente certificado en Pontevedra a 20 de xuño de 2011




Gerardo Zugasti Enrique
O Xefe Territorial
Presidente do xurado

Gerardo Zugasti Enrique





 MONTE "FOXO NAVAL"
SUP. = 43,19 ha. aprox.

DATA : MARZO-2009
ESCALA : 1/5.000
AUTOR : TOPOGRAFIA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
CONCELLO : MEIS PARROQUIA : ARMENTEIRA
COMUNIDADE : ARMENTEIRA

OBSERVACIONS :
Este documento realizouse montando os planos que constan no expediente. Atendendo as indicacións da proposta de clasificación.

Nº DA FOLLA :
185-13

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA